



Inserción laboral da formación para o emprego

CURSOS 2012

Observatorio Ocupacional
Instituto Galego das Cualificacións
Dirección Xeral de Emprego e Formación
Consellería de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. OBOECTIVOS	2
3. METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	3
4. RESULTADOS GLOBAIS DO ALUMNADO 2012	4
5. ANÁLISE TERRITORIAL.....	4
5.1. ANÁLISE PROVINCIAL.....	4
5.2. ANÁLISE COMARCAL.....	5
5.2.1. <i>Comarcas urbanas</i>	6
5.2.2. <i>Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as comarcas urbanas)</i> 8	8
5.2.3. <i>Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados</i>	10
5.2.4. <i>Comarcas con menos de 30 alumnos formados</i>	11
6. ANÁLISE POR FAMILIAS	12
6.1. ALUMNADO FORMADO E INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	12
6.2. PERFIL DO ALUMNADO INSERIDO POR FAMILIA PROFESIONAL.....	15
6.3. ESPECIALIDADES FORMATIVAS CON MELLORES RESULTADOS	17
7. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO	20
7.1. ALUMNADO INSERIDO POR SEXO E NIVEL ACADÉMICO	20
7.2. ALUMNADO INSERIDO POR IDADE E NIVEL ACADÉMICO	22
8. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS	24
8.1. ACTIVIDADE ECONÓMICA DA EMPRESA CONTRATANTE	24
8.1.1. <i>Clasificación por sector económico</i>	24
8.1.2. <i>Clasificación en seccións CNAE</i>	25
8.2. GRUPOS OCUPACIONAIS	28
8.2.1. <i>Clasificación en grandes grupos ocupacionais</i>	28
8.2.2. <i>Clasificación en grupos primarios</i>	30
8.3. TIPOLOXÍA DOS CONTRATOS	32
9. CONCLUSIÓN.....	35
9.1. ANÁLISE TERRITORIAL	35
9.2. ANÁLISE POR FAMILIAS	36
9.3. ANÁLISE DO ALUMNADO INSERIDO	37
9.4. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS.....	38



1. Introducción

Un dos principais obxectivos da política formativa da Consellería de Traballo e Benestar é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores e das traballadoras desempregados.

Con independencia do maior ou menor grao de dinamismo que presente o mercado de traballo nun momento dado, a análise do proceso de inserción laboral do alumnado dos cursos implementados desde a Consellería de Traballo e Benestar resulta de grande interese de cara a perfilar actuacións e políticas educativas e laborais de carácter xeral, á parte, como é obvio, da utilidade intrínseca derivada da análise dos ditos fenómenos: o coñecemento da transición do alumnado desde estas accións formativas ao mercado de traballo.

A avaliación dos cursos de formación para o emprego enténdese como un proceso continuo de valoración de resultados que debe ser realizado antes, durante e despois de cada unha das actuacións levadas a cabo co fin de mellorar continuamente a eficacia e a calidade dos programas formativos executados. O sistema de avaliación non se reduce ao período en que os alumnos e as alumnas se atopan participando nos cursos, senón que se amplía ao período posterior á súa finalización. Esta avaliación que nos ocupa neste informe ten como principal obxectivo coñecer o nivel de inserción laboral conseguido polo alumnado formado e a conseguinte influencia que no logro dela poida constituír o feito de ter participado nos cursos de formación ofertados. Deste xeito, o resultado da inserción laboral ilustra e calibra a perspectiva xeral dos cursos de formación para o emprego como instrumento principal para dar resposta a unha necesidade de formación en ocupacións reais do mercado de traballo e á capacitación para o seu desempeño profesional que permite a actualización constante en función da demanda laboral.

O Instituto Galego das Cualificacións conta cun Observatorio Ocupacional que ten dentro das súas principais funcións a de estudar a relación formación-emprego para coñecer o grao de adaptación efectiva que se consegue entre a formación impartida polas institucións e os centros de formación e os requirimentos dos traballos nas empresas. O documento elaborado presenta un informe de resultados a partir dunha análise da inserción laboral das alumnas e alumnos participantes nas accións formativas programadas pola Consellería de Traballo e Benestar durante o ano 2012.




2. Obxectivos

Unha das ferramentas que pretende servir como criterio ou apoio na toma de decisións sobre as accións que se deben subvencionar é, precisamente, a información achegada pola avaliación da formación. Ademais de tratar de realizar un seguimento e control dos investimentos que en materia de formación e emprego realiza, a Dirección Xeral de Emprego e Formación está interesada en coñecer o perfil das persoas participantes nas accións formativas e as repercusións laborais que ten a realización dos cursos no alumnado. Neste sentido, o obxectivo principal do informe é analizar a inserción laboral do alumnado formado nas accións formativas dirixidas ao colectivo de desempregados.

Podemos definir outros obxectivos intermedios:

- Medir os efectos das políticas formativas desde unha perspectiva do mercado de traballo; é dicir, coñecer o alcance e a adecuación da oferta formativa respecto aos requirimentos da actividade económica actual.
- Identificar aquelas accións formativas que contan cun nivel de inserción laboral maior, así como o perfil das persoas que, tras acudir aos cursos, acceden ao emprego.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS





3. Metodoloxía e fontes de información

Para a elaboración deste informe, tomamos como referencia, exclusivamente, os cursos ofertados a desempregados. As vías de programación foron as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD). Os datos analizados correspóndense co ano 2012.

Partimos da análise dos resultados descritos para aqueles alumnos que acadaron o seu certificado acreditativo, descartando aqueloutros que obtiveron resultado negativo ou ben abandonaron o curso por diferentes causas.

Traballamos cos conceptos de inserción bruta e inserción neta:

Inserción bruta: consideramos inseridos os **alumnos que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

Inserción neta: **dos alumnos inseridos, contamos aqueles que conseguiron un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso, pero que, ademais, o posto de traballo acadado está relacionado co contido do curso de referencia**. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

O ámbito xeográfico de referencia é Galicia, con resultados desagregados por provincias e comarcas, tendo en conta o domicilio do centro impartidor.

O informe desenvolve os resultados da inserción do alumnado formado, agrupados por familia profesional e distribuídos en función de diversas variables: sexo, idade, nivel académico, tipoloxía da contratación, actividade económica e grupos ocupacionais.

O rexistro de contratos que utilizamos para comprobar o grao de inserción real do alumnado foinos subministrado polo acceso directo á base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Por outra banda, a base de datos do Sistema de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar (SIFO) ofrece información sobre os cursos impartidos.



4. Resultados globais do alumnado 2012

A programación de cursos dirixida a desempregados no ano 2012 acadou un total de **10.515 alumnos formados, cunha inserción do 39%**, se temos en conta un período de 12 meses desde que remataron os cursos.

O 51% deste alumnado xa conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses.

Do total dos alumnos inseridos, atopan traballo relacionado co obxecto do curso un 21%, o que indica que **1 de cada 5 consegue traballar nas materias en que se formou.**

Todos estes datos pasamos a estudalos en maior profundidade atendendo a diferentes niveis de análise.

5. Análise territorial

5.1. Análise provincial

Atendendo ao repartimento nas catro provincias galegas, a situación é a que segue:

Táboa: Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) nas catro provincias galegas


	Formados	12 meses desde remate do curso	
		Inseridos	% inserción
A Coruña	3.114	1.130	36%
Lugo	1.595	666	42%
Ourense	2.157	803	37%
Pontevedra	3.649	1.454	40%
GALICIA	10.515	4.053	39%

As provincias da Coruña e Pontevedra aglutinan un 64% do alumnado, fronte a un 15% en Lugo e un 21% en Ourense. Esta última, xunto coa Coruña, son as dúas provincias que reflicten un resultado de inserción por debaixo da media galega.

Baseando a nosa análise na inserción do alumnado aos 12 meses contados desde a finalización do curso, a situación por provincias quedaría reflectida no seguinte gráfico de barras:



Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) por provincias



Por outra banda, da **inserción neta** por provincias reflíctese a seguinte situación: a provincia de Pontevedra é a única que obtén unha inserción neta inferior á media galega, acadando un 20%; A Coruña e Ourense igualan o resultado para o conxunto de Galicia; só **Lugo supera en catro puntos porcentuais a media galega, alcanzando un 25%**.

O dato de Pontevedra resulta curioso polo feito de que os compromisos de contratación realizados pola empresa Citroën se traducen nunha importante inserción neta do 28% na comarca de Vigo, aínda que estes bos resultados non conseguen contrarrestar a situación xeral da provincia (a comarca de Pontevedra presenta unha inserción neta de tan só o 13%).

5.2. Análise comarcal

Analizar de xeito conxunto as 53 comarcas galegas resulta pouco homoxéneo, xa que o volume de alumnos formados e inseridos que podemos atopar en cada unha delas non permite extraer conclusións xerais. Será, pois, necesario estratificar estas áreas territoriais partindo do volume de alumnos formados e, deste xeito, poder establecer comparativas entre zonas semellantes entre si.


Partindo deste criterio, imos clasificar as 53 comarcas en catro grupos de análise:

- Comarcas urbanas (referidas ás sete grandes cidades): A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados, excluídas as das sete grandes cidades.



- Comarcas que teñen, polo menos, 30 alumnos formados e menos de 100.
- Comarcas con menos de 30 alumnos formados.


Segundo esta distribución, o repartimento do total dos 10.515 alumnos formados corresponderíase co seguinte gráfico de sectores:



5.2.1. Comarcas urbanas

Estas sete comarcas presentan un volume de alumnado (65%) que, moitas veces, condiciona a inserción global da súa respectiva provincia.

A situación con respecto á media de Galicia é a que segue:





Existe unha dispersión de ata sete puntos nos datos de inserción entre as sete comarcas.


Os peores resultados de inserción bruta concéntranse na provincia da Coruña, en consonancia co 36% de inserción media nesta provincia (porcentaxe que a situaba co peor dos resultados provinciais). A comarca de Pontevedra é a única que rexistra resultados similares ás comarcas urbanas coruñesas.

Ourense e Lugo presentan uns resultados intermedios, fronte á comarca de Vigo, que é a única que consegue un nivel de inserción similar á media galega.

Por último, cómpre sinalar que **a inserción parcial¹ no conxunto das comarcas urbanas acada o 36%**, situándose tres puntos por detrás da inserción lograda no conxunto de Galicia.

Parte do alumnado que atopou traballo fíxoo en ocupacións relacionadas co obxecto do curso, circunstancia que presenta distintos resultados segundo a comarca que se estude. Os resultados aparecen no gráfico seguinte:

Inserción neta nas comarcas das sete grandes cidades con respecto á media galega



En correspondencia cos datos anteriores, a comarca de Vigo conta cunha importante inserción neta; no entanto, **Ferrol mostra unha situación peculiar, xa que ten a menor inserción bruta e unha das maiores insercións netas, xunto con Vigo**. Esta circunstancia estaría explicada polo feito de que atopan traballo un menor número de alumnado que noutras comarcas pero en traballos máis relacionados co obxecto do curso.

¹ A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas sete comarcas entre a suma de formados nelas.



Cómpre salientar que na comarca de Vigo parte do resultado vén condicionado pola realización de **cursos con compromisos de contratación na empresa Citroën**.

Por outra banda, Lugo e A Coruña acadan bos resultados: unha de cada catro persoas que atopan traballo nestas comarcas urbanas fano en traballos relacionados. Ambas as dúas melloran as súas posicións relativas con respecto aos datos de inserción bruta.


Ourense, Santiago e Pontevedra gardan unha certa correlación entre ambos os dous resultados, sen que se aprecien resultados fóra do esperable.

A inserción neta parcial² nestas sete comarcas ascende ao 23%, situándose por enriba da media galega.

5.2.2. Comarcas que teñen, polo menos, 100 alumnos formados (excluídas as comarcas urbanas)

O seguinte diagrama de barras resume a situación dun total de 15 comarcas que representan o 25% do alumnado formado:

Inserción bruta comarcas con máis de 100 alumnos, excluídas as comarcas urbanas



² A inserción parcial calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas sete comarcas entre a suma de formados nelas.




Das 15 comarcas que conforman este grupo, atopamos que 11 delas superan ou igualan a media de inserción galega. Hai que resaltar os bos resultados da comarca do Salnés e da Mariña Central, cunha inserción do 49%, o que indicaría que un de cada dous alumnos atopan traballo.

O conxunto destas 15 comarcas obtén unha inserción bruta do 41%³, situándose cinco puntos por enriba das comarcas urbanas e superando en dous puntos a media galega.

Se analizamos a inserción neta do conxunto das 15 comarcas, a situación varía lixeiramente, xa que perdemos cinco puntos porcentuais con respecto á media, é dicir, **do total de alumnos inseridos⁴ atopan traballo relacionado un 16% deles**. A situación por comarcas é a que segue:

Inserción neta con máis de 100 alumnos, excepto comarcas urbanas



Tan só A Barbanza, Terra de Lemos, O Ribeiro e Valdeorras superan a inserción neta media para o conxunto de Galicia. Estas catro comarcas acadaban porcentaxes de inserción bruta superiores ao 39%, calculada para o conxunto da comunidade autónoma.

Pola contra, as citadas comarcas do Salnés e da Mariña Central, cun 49% de inserción bruta, obteñen unha inserción neta inferior á media galega (resulta especialmente relevante o caso do Salnés, con só un 7% de inserción neta). Os mercados de traballo destas áreas indicarían un importante movemento contractual, no que os contidos dos cursos impartidos non están a influir en gran medida nos postos de traballo conseguidos.

³ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas 15 comarcas entre a suma de formados nelas.


⁴ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas 15 comarcas entre a suma de formados nelas.



5.2.3. Comarcas que teñen entre 30-100 alumnos formados

Este novo bloque de análise caracterízase por unha serie de 15 comarcas que, sen ter un gran volume de alumnado (8%), obtén en xeral bos resultados, e son poucas as que se sitúan por debaixo do 39% de inserción bruta (concretamente, Chantada e Arzúa).

A situación aparece reflectida no gráfico seguinte:



Atopamos un total de sete comarcas que superan o 45% de inserción: Ordes, cun 64%; Caldas, cun 55%; A Limia, 50%; Terra de Melide e Viana, 49%; Baixa Limia, 47%; e Terra Chá, 46%. Ademais destas sete comarcas que superan o 45%, as seguintes están situadas por enriba da media galega neste grupo de análise: Eume, Noia, Sarria, A Mariña Oriental, A Barcala e Xallas. Por outra banda, tan só dúas comarcas se sitúan por debaixo: Chantada e Arzúa.


O conxunto das 15 comarcas obtén un 46% de inserción⁵, situándose sete puntos por enriba da media galega. Esta circunstancia podería indicar que os territorios pequenos dirixen a formación cara a unha demanda de emprego específica e máis recoñecible.

De feito, **se estudamos a inserción neta⁶, acadan un 22%, o que situaría este grupo un punto por enriba do 21% acadado no conxunto de Galicia.**

A situación en cada unha das comarcas queda reflectida no seguinte gráfico⁷:

⁵ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción bruta) nas 15 comarcas entre a suma de formados nelas.

⁶ Esta inserción calcúlase dividindo a suma de inseridos (inserción neta) nas 15 comarcas entre a suma de formados nelas.



Os datos máis relevantes daríanse na comarca da Mariña Oriental, cun 59%, seguida de Chantada, co 40%, e Noia, cun 30%. Curiosamente, Chantada é unha das dúas comarcas que acada unha menor inserción bruta, o que indicaría que os alumnos desta comarca, malia non se inseriren en gran medida, si o fan en ocupacións relacionadas co obxecto do curso.

Este grupo de comarcas non logra a inserción neta das comarcas urbanas (debido en gran parte aos compromisos de contratación na empresa Citroën en Vigo); non obstante, recollen mellores resultados relativos que as comarcas que contan con máis de 100 alumnos formados. Parece que, ao diminuír o volume de alumnado, as accións formativas van máis dirixidas cara aos requirimentos do mercado de traballo.

5.2.4. Comarcas con menos de 30 alumnos formados

O número de alumnos formados nestas comarcas non permite extraer conclusións significativas sobre as porcentaxes de inserción acadadas. As comarcas que están incluídas neste bloque son: A Paradanta, A Ulloa, Betanzos, Terra de Celanova, Os Ancares, Quiroga, Allariz-Maceda, A Fonsagrada, Ortegal, Meira e Terra de Soneira.

As comarcas de Fisterra, Muros, O Sar, Terra de Caldelas e Terra de Trives non presentan ningunha programación formativa no ano 2012.

⁷ A comarca de Arzúa non conta con ningún alumno formado que acadase un contrato relacionado co obxecto do curso, de aí que non apareza reflectida no gráfico.



6. Análise por familias

6.1. Alumnado formado e inserido por familia profesional

A familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade e a de Administración e Xestión destacan sobre as demais polo volume de formados que presentan, seguidas en importancia pola familia de Transportes e Mantemento de Vehículos e pola de Sanidade.

Táboa: Alumnos formados e inserción bruta por familia

	Formados	Inseridos	% inserción
Actividades Físicas e Deportivas	120	69	58%
Administración e Xestión	1.310	412	31%
Agraria	424	159	38%
Artes e Artesanías	23	11	48%
Artes Gráficas	268	74	28%
Comercio e Márketing	632	194	31%
Edificación e Obra Civil	301	84	28%
Electricidade e Electrónica	221	65	29%
Enerxía e Auga	439	160	36%
Fabricación Mecánica	330	117	35%
Hostalaría e Turismo	671	277	41%
Imaxe e Son	59	16	27%
Imaxe Persoal	82	29	35%
Industrias Alimentarias	110	9	8%
Industrias Extractivas	15	7	47%
Informática e Comunicacóns	787	280	36%
Instalación e Mantemento	333	102	31%
Madeira, Moble e Cortiza	238	90	38%
Marítimo-Pesqueira	101	43	43%
Sanidade	1.031	475	46%
Seguridade e Medio Ambiente	177	60	34%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1.625	798	49%
Téxtil, Confección e Pel	67	27	40%
Transporte e Mantemento de Vehículos	1.151	495	43%
GALICIA	10.515	4.053	39%

Cómpre salientar o feito de que a familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade supere en número de alumnos formados a familia de Administración e Xestión, circunstancia que non




acontecía nos anos anteriores, cando esta última era a que máis alumnos formaba, a pesar de que os seus resultados de inserción bruta non fosen especialmente relevantes.

Podemos comprobar como catro familias aglutinan case a metade do alumnado, aínda que con resultados de inserción moi dispares:

- Servizos Socioculturais e á Comunidade (49%).
- Administración e Xestión (31%).
- Transporte e Mantemento de Vehículos (43%).
- Sanidade (46%).

A única que presenta unha inserción inferior á media galega é a familia de Administración e Xestión.

Graficamente, a inserción bruta das familias profesionais con respecto á citada media do 39% aparece recollida no seguinte gráfico de barras:



Os resultados son moi extremos, segundo a familia da que esteamos a falar. Dentro do grupo de familias que presentan unha maior relevancia polo número de alumnado que forman (todas elas máis do 5% do total de alumnos formados), as que teñen insercións superiores á media galega son as seguintes: Servizos Socioculturais e á Comunidade (49%), Transporte e Mantemento de Vehículos (43%), Sanidade (46%) e Hostalaría e Turismo (41%). Por outra banda, obteñen peores resultados Administración e Xestión (31%), Comercio e Márketing (31%) e Informática e Comunicacóns (36%).




En consonancia con estes resultados, tanto a familia de Administración e Xestión como a de Informática veñen perdendo presenza no conxunto de alumnos formados nos últimos anos, o que indicaría un cambio de dirección formativa cara á impartición de cursos noutras familias con mellores resultados de inserción no mercado de traballo.

Se atendemos aos resultados de inserción neta, tamén resultan coherentes co resultado anterior. **As familias que obteñen unha inserción neta superior ao 21% de media galega son as mesmas salientadas na inserción bruta**, tanto polo seu resultado como polo volume de alumnado que representan.

É preciso destacar o resultado da familia de **Comercio e Márketing**, cunha discreta inserción bruta do 31%, pero cunha inserción neta superior á media galega, concretamente un 23%.

Graficamente a situación é a seguinte:





A familia de Transportes e Mantemento de Vehículos acada bos resultados de inserción neta, debido fundamentalmente aos **cursos de compromisos de contratación da empresa Citroën**.

Hai cinco familias que non aparecen representadas, xa que non conseguen inserir ningúen nunha ocupación relacionada co obxecto do curso: **Actividades Físicas e Deportivas, Artes e Artesanías, Imaxe e Son, Industrias Alimentarias e Industrias Extractivas**.

6.2. Perfil do alumnado inserido por familia profesional⁸

Nos seguintes cadros presentamos, de xeito esquematizado, o perfil máis habitual por familia profesional das persoas que conseguen un contrato nos doce meses seguintes ao remate do curso (inserción bruta):

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN •Muller •26 a 45 anos •Titulados universitarios	AGRARIA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio
ARTES E ARTESANÍAS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	ARTES GRÁFICAS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	COMERCIO E MÁRKETING •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	ENERXÍA E AUGA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional

⁸ Para elaborar estes perfís, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.



FABRICACIÓN MECÁNICA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	HOSTALARÍA E TURISMO •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	IMAXE E SON •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
IMAXE PERSOAL •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional	INDUSTRIAS ALIMENTARIAS •Muller •26 a 45 anos •Titulación ESO/Ata certificado escolaridade	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS •Home •26 a 45 anos •Formación profesional
INSTALACIÓN E MANTEMENTO •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	MADEIRA, MOBLE E CORTIZA •Home •26 a 45 anos •Formación profesional	MARÍTIMO-PESQUEIRA •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio
SANIDADE •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional	SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE •Muller •26 a 45 anos •Formación profesional
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL •Muller •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio	TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS •Home •26 a 45 anos •Titulación ensino obrigatorio



Os homes insírense en maior medida no sector primario, na construción, nas actividades técnicas e industriais e, en menor medida, nos servizos, aínda que tamén destacan en actividades concretas do terciario, como: informática e comunicacións, transportes e mantemento de vehículos, ou seguridade e medio ambiente. As mulleres, pola contra, destacan claramente no sector servizos e en actividades industriais moi concretas, como a industria alimentaria ou a téxtil.

O nivel académico sitúa lixeiramente por enriba a formación profesional, aínda que seguida de cerca pola titulación de ensino obrigatorio, cunha excepción moi destacable: os titulados universitarios na familia de Administración e Xestión.

Das catro familias con mellor resultado, tanto polo número de alumnos formados como polo seu dato de inserción bruta, atopamos diferentes situacións en canto ao perfil máis habitual por nivel académico: a familia de Sanidade e a de Servizos Socioculturais e á Comunidade contan con maior número de alumnos inseridos de formación profesional, mentres que na de Hostalaría e Turismo e na de Transporte e Mantemento de Vehículos, destaca o nivel de titulación de ensino obrigatorio. Esta mesma titulación tamén é a máis recorrente tanto no sector primario como na construción.

O intervalo de idade de 26-45 anos, pola súa amplitude, recolle a maior parte dos inseridos, de aí que apareza reflectido en todas as familias.

Atendendo ás cinco familias que obteñen unha inserción neta superior á media galega, debemos facer constar que presentan un perfil tipo similar ao presentado nos cadros anteriores, agás nunha serie de puntualizacións que expoñemos:

- **Servizos Socioculturais e á Comunidade.** O perfil tipo das persoas que atopan traballo relacionado co obxecto do curso segue sendo muller, de 26 a 45 anos, pero con **titulación de ensino obrigatorio**.
- **Comercio e Márketing.** Neste caso a diferenza é que o nivel académico máis recorrente pasa a ser **bacharelato superior**.
- **Transporte e Mantemento de Vehículos.** A titulación académica máis común nos alumnos inseridos é a de formación profesional.

A familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade é a que presenta mellores resultados, xa que está a inserir un total de 798 persoas (49%), dentro das cales destacan as que posúen formación profesional; no entanto, a inserción neta indica que o maior número de persoas inseridas conta con titulación de ensino obrigatorio.

6.3. Especialidades formativas con mellores resultados

Presentamos a continuación unha listaxe de cursos seleccionados por cumpriren os seguintes requisitos:

- Teren máis de 30 alumnos inseridos.
- Reflectiren unha inserción bruta igual ou superior á media galega (39%).



	ESPECIALIDADE FORMATIVA	Formados	Inseridos	% inserción bruta
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	807	420	52%
SANC3007	Auxiliar de enfermaría en xeriatria	577	255	44%
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	430	214	50%
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzhéimer	428	210	49%
TMVY87CCC	OPERARIO BÁSICO	221	111	50%
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	166	75	45%
TMVC30	Conductor de camión pesado	154	74	48%
ENAE0108	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	155	60	39%
IFCX02	INICIACIÓN Á REDE INTERNET	99	54	55%
XXSEAS0172	FORMACIÓN BÁSICA	75	38	51%
TMVY93CCC	RETOCADOR DE AUTOMOCIÓN CITROËN	37	37	100%
ADGN0108	Financiamento de empresas	83	35	42%
AGAR0309	Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes	76	35	46%
XXMAPX0044	MARIÑEIRO-PESCADOR	75	33	44%
TMVC06	TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR ESTRADA	59	32	54%
FMEE0108	Operacións auxiliares de fabricación mecánica	53	31	58%
SSCF10	FORMADOR OCUPACIONAL	72	31	43%

Deste xeito, eliminamos cursos que, malia presentaren insercións elevadas, teñen un volume de alumnado que non resulta relevante nin concluínte nun estudo destas características.



Con respecto á listaxe anterior, hai que indicar, en primeiro termo, que algúns dos cursos relacionados foron dados de baixa ao se substituíren por novos certificados de profesionalidade. Non obstante, pasamos a analizar os resultados descritos atendendo á programación referida ao ano 2012.

A rama de dependencia, tanto na familia de Servizos Socioculturais como na de Sanidade, destaca claramente, ocupando os primeiros postos da listaxe. Así mesmo, cómpre salientar os resultados reflectidos polos camareiros, condutores de camións e a montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas. Ben que o groso destes cursos pertencen a familias que presentan insercións que superan a media galega, certo é que aparecen outros con bo resultado de inserción pero que non forman parte de familias con tan bo resultado no seu conxunto. Habería que citar os seguintes:

- **ENERXÍA E AUGA:** Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas (39%).
- **INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS:** IFCX02 Iniciación á rede internet (55%).
- **SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE:** XXSEAS0172 Formación básica (51%).
- **ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN:** ADGN0108 Financiamento de empresas (42%).
- **AGRARIA:** AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (46%).
- **FABRICACIÓN MECÁNICA:** FMEE0108 Operacións auxiliares de fabricación mecánica (58%).

Estas accións formativas obteñen, por si mesmas, bos resultados.

Se atendemos á inserción neta, é dicir, á porcentaxe de persoas que atopan traballo relacionado co curso, do alumnado dos cursos da listaxe anterior só atoparíamos bo resultado na rama de dependencia, tanto de asistencia social como de sanidade, nos cursos de compromiso de contratación de Citroën, nos de operacións básicas de restaurante e bar e no curso de formador ocupacional.

Pola contra, si que aparecen con boa inserción neta unha serie de cursos que non saían na listaxe anterior, xa que, aínda que tiñan polo menos 30 alumnos formados, non presentaban unha inserción bruta relevante:

- **COMV30 Vendedor técnico** (a inserción bruta deste curso non acadou a media galega do 39%, pero presenta unha boa inserción neta: 36%). Este dato confirma a situación nesta familia, que, sen destacar polo número de alumnos que insire, presenta unha inserción neta relevante.
- **HOTR0108 Operacións básicas en cociña, HOTR0408 Cociña;** ambas as dúas especialidades non acadan unha inserción bruta superior á media galega, pero reflicten unha inserción neta relevante. Os alumnos inseridos atopan traballo relacionado en gran medida co obxecto do curso.

En definitiva, xuntando os resultados, tanto de inserción bruta como de neta, atopamos unhas áreas onde os cursos de formación para o emprego amosan mellores resultados:

- **Dependencia e coidados xeriátricos.**
- **Industria do automóbil (cursos de compromiso de contratación de Citroën).**
- **Servizos de restauración (hostalaría).**
- **Formación ocupacional.**



7. Análise do alumnado inserido

As tres variables que se analizan neste punto son a idade, o sexo e o nivel académico.

Aproximadamente o 56% do alumnado inserido son mulleres, aínda que debemos ter en conta que o volume de mulleres formadas tamén é lixeiramente superior ao dos homes (o 52% do total). **Se atendemos á inserción neta, as mulleres aumentan en gran medida a súa diferenza porcentual cos homes, acadando o 69%.**

Se estudamos de xeito illado o nivel académico⁹, atopamos que a formación profesional é o nivel máis habitual, reflectindo un 34% do total dos inseridos, seguido polas persoas que contan con titulación de ensino obrigatorio, cun 29%. Esta mesma circunstancia repítese no cálculo da inserción neta, aínda que a formación profesional incrementaría a porcentaxe ata o 38%, e o ensino obrigatorio, pola contra, diminúe en dous puntos porcentuais, ata o 27%.

O 69% dos inseridos pertencen ao grupo de idade intermedio de 26-45 anos, mentres que o grupo de máis idade representa tan só un 12% do total. A inserción neta difire lixeiramente deste resultado, xa que o intervalo de 26-45 anos acada o 64%, mentres que nos de máis de 46 anos ascende ao 16%.

O perfil máis habitual dentro dos alumnos que atopan traballo, tanto de inserción bruta como neta, queda reflectido no seguinte cadro:

Muller
26-45 anos
Formación profesional

7.1. Alumnado inserido por sexo e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados porcentuais combinando estas dúas variables:

Niveis académicos	Inserción bruta		Inserción neta	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Ata certificado de escolaridade	54%	46%	39%	61%
BUP/Bacharelato superior/COU	37%	63%	19%	81%
Formación profesional	45%	55%	32%	68%
Outras titulacións	33%	67%	0%	100%

⁹ Debemos deixar patente neste punto que, do total do alumnado, un 3% non ten cubertos os seus datos persoais, polo que non coñecemos o nivel académico de todos eles. Optamos por traballar o dato a pesar desta circunstancia, porque, se temos en conta o nivel formativo do contrato, atopamos que en moitos casos non é o real, xa que fai referencia ao nivel relacionado co posto de traballo obxecto deste.



Titulación ensinanza obrigatoria	52%	48%	35%	65%
Titulados universitarios	24%	76%	13%	88%
TOTAL	44%	56%	31%	69%


A inserción bruta no caso das mulleres supera en case todos os niveis académicos a dos homes, agás no nivel de ata certificado de escolaridade e na titulación de ensinanza obrigatoria. O maior diferencial entre ambos os dous sexos é o referente aos titulados universitarios.

Neste punto, debemos salientar que as mulleres que realizan cursos de formación para o emprego parten, en xeral, dunha maior cualificación que os homes, especialmente evidente nas titulacións universitarias e, en menor medida, en BUP e formación profesional. Así pois, os mellores resultados de inserción bruta nos niveis de maior cualificación virían explicados en gran medida por partir dun número de mulleres formadas maior que o de homes.

En canto á inserción neta, as mulleres superan os homes en todos os niveis. Esta circunstancia explicárase polo feito de que as mulleres con menor formación realizan, en maior medida que os homes, cursos relacionados coa área de dependencia. Estes cursos son os que obteñen mellores resultados relativos, circunstancia que fai que as mulleres aparezan con mellores resultados de inserción neta, incluso nos niveis formativos de menor cualificación, onde hai maior número de alumnos formados de xénero masculino.

O seguinte gráfico de barras mostra visualmente as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico:

Alumnos inseridos por nivel académico





7.2. Alumnado inserido por idade e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados combinando estas dúas variables:

	Inserción bruta			Inserción neta		
	≤ 25	26 a 45	≥ 46	≤ 25	26 a 45	≥ 46
Ata certificado de escolaridade	2%	4%	2%	3%	5%	3%
BUP/Bacharelato superior/COU	1%	9%	2%	2%	8%	3%
Formación profesional	8%	25%	3%	10%	24%	5%
Outras titulacións	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Titulación ensinanza obrigatoria	6%	19%	4%	5%	19%	4%
Titulados universitarios	2%	12%	1%	0%	7%	1%
TOTAL	19%	69%	12%	20%	64%	16%

No que respecta á inserción bruta, a **formación profesional resulta o nivel académico máis habitual** en todos os intervalos de idade, agás nos maiores de 45 anos, onde aparece lixeiramente salientada a titulación de ensinanza obrigatoria. A formación profesional aparece destacada en todos os tramos de idade no que respecta á inserción neta.

O **grupo de 26 a 45 anos**, pola súa amplitude, representa un 69% do total dos inseridos, polo que é o que conta cunha maior porcentaxe de inseridos en todos os niveis académicos. Na inserción neta a situación é exactamente a mesma, aínda que a porcentaxe global é dun 64%, baixando en cinco puntos porcentuais o seu peso no conxunto de idades.


É necesario destacar que, mentres o intervalo de 26 a 45 anos diminúe a súa inserción neta con respecto á bruta, os outros grupos de idade melloran os seus resultados relativos, especialmente os maiores de 45 anos. Esta situación poderíase interpretar como que a formación para o emprego serve en maior medida para atopar un traballo relacionado nos intervalos de idade extremos, xa que, posiblemente, presenten maiores carencias formativas que se cobren ao cursar certificados de profesionalidade.

Así pois, o intervalo de 26-45 anos conta con persoas que xa remataron o seu período formativo e están tratando de atopar un traballo. Os máis novos non tiveron tempo, en moitos casos, de rematar os seus estudos, ben porque continúan con eles ou ben porque decidiron incorporarse ao mercado laboral. Por último, os maiores que teñen estudos superiores acostuman ter unha situación laboral estable, de aí que non aparezan reflectidos en gran medida en cursos dirixidos a desempregados.



Seguindo con esta liña de razoamento, o alumnado que ten ata certificado de escolaridade é o único que mellora a súa porcentaxe de inserción neta con respecto á bruta en todos os tramos de idade. Este colectivo sen formación atopa na realización de certificados de profesionalidade de nivel 1, ou ben na realización de competencias clave que lle permita acceder a certificados de niveis superiores, unha posibilidade de obter unha formación que lle facilita a súa inserción ou reinserción laboral.

O seguinte gráfico de barras mostra as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico:





8. Análise dos contratos realizados

Consideramos interesante analizar o conxunto dos contratos realizados ao colectivo de alumnos inseridos para coñecer a súa realidade laboral.

Para levar adiante esta análise, estudaremos o número de contratos realizados segundo a actividade económica da empresa, a tipoloxía contractual e a ocupación que consta no contrato.


8.1. Actividade económica da empresa contratante

8.1.1. Clasificación por sector económico

A maioría dos contratos, un 81%, realizáronse no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, acadando un 64% dos contratos rexistrados.

No resto dos sectores, os homes presentan un maior peso contractual.

Graficamente, pódese apreciar o peso que reflicte o sector servizos fronte aos outros:



Se atendemos aos resultados da inserción neta, os resultados difiren lixeiramente, xa que o sector servizos acada un 77% dos contratos e as mulleres representan un 69% da súa totalidade. En definitiva, o peso da contratación no sector servizos diminúe en catro puntos porcentuais, pero a porcentaxe de mulleres contratadas neste sector increméntase.



8.1.2. Clasificación en seccións CNAE

A Clasificación Nacional de Actividades Económicas vixente (CNAE-2009) enumera unha serie de seccións económicas que pasamos a listar na seguinte táboa:


SECCIÓNS ECONÓMICAS CNAE-2009		Total
A	AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	108
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	4
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	442
D	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	0
E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	16
F	CONSTRUCCIÓN	194
G	COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	491
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	126
I	HOSTALARÍA	482
J	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	62
K	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	10
L	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	8
M	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	113
N	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	611
O	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	284
P	EDUCACIÓN	186
Q	ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS	613
R	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	79
S	OUTROS SERVIZOS	115
T	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUTO	109
TOTAL		4.053



A contratación realízase en distintas actividades económicas, aínda que convén incidir no importante peso das **actividades sanitarias e servizos sociais** en consonancia cos bos resultados de inserción manexados nos cursos relacionados coa dependencia. Xunto con esta, aparecen claramente destacadas a administración e, en menor medida, o comercio (incluíndo este a reparación de vehículos), a hostalaría e as industrias manufactureiras.

Graficamente, a situación quedaría reflectida no seguinte diagrama de barras:


Contratos por sección CNAE-2009 (inserción bruta)





No caso da inserción neta, a sección CNAE que aparece en primeiro lugar é a de **actividades sanitarias e servizos sociais**, en correspondencia coa inserción bruta. A industria manufactureira mellora a súa posición, debido fundamentalmente aos cursos de compromisos de contratación de Citroën, e, en terceiro posto, aparece a hostalaría. No entanto, o comercio e, sobre todo, as actividades administrativas ocupan posicións menos relevantes, ao ter menos relación o posto de traballo acadado polo alumnado coa formación recibida.

Contratos por sección CNAE-2009 (inserción neta)





8.2. Grupos ocupacionais

8.2.1. Clasificación en grandes grupos ocupacionais

A Clasificación nacional de ocupacións 2011 (CNO-2011) engloba todas as ocupacións en nove grandes grupos ocupacionais que detallamos a continuación (incluímos o décimo grupo –“grupo 0”– de ocupacións militares, pois, aínda que a súa presenza é pouco significativa, permítenos obter o total de 4.053 inseridos):

	GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS CNO-2011	Homes	Mulleres	Total
0	OCUPACIÓNS MILITARES	1	1	2
1	DIRECTORES E XERENTES	2	2	4
2	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	71	226	297
3	TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	116	133	249
4	EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	124	269	393
5	TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	362	1.055	1.417
6	TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	34	20	54
7	ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA)	336	50	386
8	OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA, E MONTADORES	296	93	389
9	OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	432	430	862
	TOTAL	1.774	2.279	4.053

As mulleres presentan un maior número de contratos no grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, nas “ocupacións elementais” e nos grupos de maior cualificación.

Os homes presentan un maior número de contratos nas “ocupacións elementais” e nos grupos 5, 7 e 8. No entanto, onde presentan un diferencial moi importante con respecto ás mulleres é nos dous seguintes:

- **Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalación e maquinaria).**

O 87% dos contratos son para os homes.




■ **Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores.**

Os homes representan un 76% da contratación.

Se temos en conta os datos da inserción neta, este grupo é o que presenta un maior volume de contratación, xa que **o 43% dos homes que atopan traballo relacionado co obxecto do curso son operadores.**

Graficamente, esta situación aparece recollida no seguinte gráfico de barras:

Contratos por gran grupo de ocupación (inserción bruta)





Por outra banda, a inserción das mulleres aparece claramente inclinada cara a tres grupos ocupacionais:

■ **Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores.**

Este grupo ocupacional relaciónase claramente con actividades do sector servizos: hostalaría, servizos de dependencia, comercio. O 74% do total da contratación realízase a mulleres.

O 78% das mulleres que atopan traballo relacionado co obxecto do curso pertencen a este grupo ocupacional.

■ **Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina.**

Esta actividade tamén pertence ao sector servizos, e os contratos a mulleres representan un 68% do total.

■ **Técnicos e profesionais científicos e intelectuais.**

A porcentaxe de mulleres licenciadas e diplomadas é moi superior á que presenta o colectivo masculino, motivo polo que o 76% dos contratos recollidos neste grupo son para as mulleres.

8.2.2. Clasificación en grupos primarios

A clasificación en grandes grupos ocupacionais permítenos ter unha visión de conxunto das ocupacións en que, en maior medida, son contratados os alumnos inseridos.

En calquera caso, para poderemos afinar máis, debemos coñecer aqueles grupos primarios (CNO a 4 díxitos) que contan cun maior número de contratos. Deste xeito, tratamos de establecer unha correspondencia entre os cursos con mellores resultados de inserción e a contratación real do alumnado formado.

Presentamos a continuación unha táboa onde aparecen tan só os grupos primarios que teñen, polo menos, 40 contratos realizados como mostra representativa da realidade contractual do alumnado:

CNO-2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
5120	CAMAREIROS ASALARIADOS	330
5710	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	254
5220	VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	240
8209	MONTADORES E ENSAMBLADORES NON CLASIFICADOS NOUTRAS EPÍGRAFES	178
9210	PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	155



CNO-2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
9700	PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	155
2121	ENFERMEIROS NON ESPECIALIZADOS	136
5629	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	117
9100	EMPREGADOS DOMÉSTICOS	114
4309	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	93
4500	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	89
5611	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	85
4424	TELEOPERADORES	73
9811	PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	67
9310	AXUDANTES DE COCIÑA	63
3724	MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	60
7121	ALBANEIS	59
8432	CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	56
5110	COCIÑEIROS ASALARIADOS	52
9511	PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)	52
3510	AXENTES E REPRESENTANTES COMERCIAIS	47
8412	CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	46
2329	PROFESORES E PROFESIONAIS DO ENSINO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	44
5500	CAIXEIROS E VENDEDORES DE BILLETES (AGÁS BANCOS)	41
9229	OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA	41



Imos, pois, citar aquelas áreas con mellores resultados relativos (segundo aparecen no apartado 6.3. deste informe) e a súa correspondencia cos grupos primarios destacados na táboa anterior:

■ **Dependencia e coidados xeriátricos.**

Os grupos primarios serían:

- Traballadores dos coidados persoais a domicilio (254 contratos).
- Enfermeiros non especializados (136 contratos).
- Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes (117 contratos).
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria (85 contratos).

■ **Industria do automóbil**

Aparece nos grupos primarios:

- Montadores e ensambladores non clasificados noutras epígrafes (178 contratos).
- Peóns de industrias manufactureiras (155 contratos).

■ **Servizos de restauración (hostalaría)**

Claramente representados en:

- Camareiros asalariados (330 contratos).
- Axudantes de cociña (63 contratos).
- Cociñeiros asalariados (52 contratos).

■ **Servizos socioculturais: Formador ocupacional**

Estarían reflectidos en:

- Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes (44 contratos).

■ **Comercio e márketing** (bo resultado segundo a inserción neta acadada)

Os grupos con máis contratos son:


- Vendedores en tendas e almacéns (240 contratos).
- Axentes e representantes comerciais (47 contratos).

8.3. Tipoloxía dos contratos


No que respecta á inserción bruta, e a diferenza do que ocorría en 2011, **o contrato temporal a tempo parcial** consegue superar en dous puntos porcentuais a contratación temporal a tempo completo.



O seguinte gráfico de sectores reflicte o resumo da situación:



Se debuxamos esta mesma situación para a inserción neta, atopariámonos coa seguinte situación:




Os contratos obtidos en traballos relacionados co obxecto do curso apuntan en maior medida cara ao contrato temporal a tempo parcial, plasmando unha situación similar ao gráfico anterior, pero moito máis inclinado cara a eles.




Nos resultados de inserción bruta, os homes acadan máis contratos temporais que as mulleres; non obstante, o colectivo feminino destaca claramente nos contratos temporais a tempo parcial.

No que respecta á inserción neta, as mulleres presentan o maior protagonismo tanto nos contratos temporais como nos temporais a tempo parcial. As mulleres concentran o 69% da contratación, circunstancia que explicaría o maior peso que reflicten con respecto aos homes.

**Distribución dos contratos por tipoloxía e sexo
(inserción bruta)**



**Distribución de contratos por tipoloxía e sexo
(inserción neta)**





9. Conclusións

A partir da análise realizada ao longo deste informe, podemos extraer unha serie de conclusións que resaltan aspectos e reflexións que consideramos de interese:

- A Consellería de Traballo e Benestar formou ao longo do ano 2012 un total de 10.515 alumnos que acadaron un **39% de inserción laboral** (inserción bruta).
- O 51% deste alumnado xa conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses.
- Do total dos alumnos inseridos, un 21% atopa un traballo relacionado co obxecto do curso (inserción neta), o que indicaría que un de cada cinco consegue traballar nas materias en que se formou.

9.1. Análise territorial

- Os resultados de inserción bruta por provincias indican que Lugo e Pontevedra se sitúan lixeiramente por enriba da media galega, mentres que as provincias de Ourense e A Coruña acadan uns resultados de inserción que ocasionan a baixada desta ata o 39%. Por outra banda, a única que supera a media de inserción neta de Galicia é Lugo, cun 25%.
- A análise comarcal precisa da agrupación das 53 comarcas galegas segundo o seu volume de alumnado para tratar de homoxeneizalas e conseguir resultados máis uniformes.
- Os resultados máis desexables danse nos ámbitos territoriais en que se combinan unhas **insercións brutas e netas salientables**, xa que a combinación de ambos os dous resultados apuntarían cara a unha inserción laboral relevante e relacionada co obxecto do curso. En termos xerais, podemos afirmar que existe unha correlación entre os resultados das dúas insercións, aínda que se detectan excepcións nun senso ou noutro. Por exemplo, a comarca de Ferrol reflicte a peor inserción bruta dentro das comarcas urbanas (32%); no entanto, reflicte a maior inserción neta deste grupo de comarcas (28%).

A situación en Ferrol, como noutras comarcas de resultado similar, mostra a dificultade de atopar emprego no mercado laboral local; non obstante, os cursos de formación si parecen ter un efecto positivo, pois os que atopan emprego fano en maior medida en traballos relacionados coas accións formativas cursadas.

- As comarcas urbanas forman un 65% do alumnado e presentan os peores resultados de inserción bruta (36%). A inserción neta (23%) amosa un bo resultado debido, en gran medida, á inserción acadada nos **cursos de compromiso de contratación de Citroën**.

As comarcas con máis de 100 alumnos (agás as urbanas) rexistran as maiores insercións brutas (41%), pero a inserción neta é moi inferior á media galega (16%). **Os alumnos atopan traballo pero non parece influír en exceso a natureza dos cursos realizados.**

Nas comarcas con menos alumnado, obtéñense mellores resultados relativos, o que pode indicar unha mellor orientación dos centros cara á demanda empresarial da zona. As comarcas que teñen entre 30-100 formados acadan un **46% de inserción bruta** e unha **inserción neta do 22%**.



A formación para o emprego serve para lles proporcionar formación axeitada a grupos reducidos de alumnos e en comarcas que, en moitos casos, non contan con recursos formativos que lles permitan **flexibilizar a formación** en función dos requirimentos do mercado de traballo.

9.2. Análise por familias

- Familias con máis dun 5% do alumnado e boas insercións brutas e netas son as seguintes: Servizos Socioculturais e á Comunidade, Transporte e Mantemento de Vehículos, Sanidade e Hostalaría e Turismo.

A familia de Transporte e Mantemento de Vehículos obtén unha inserción neta do 34%, aínda que este resultado está totalmente condicionado polos cursos de compromisos de contratación de Citroën.

- Os peores resultados de inserción dentro das familias con maior peso formativo (máis do 5% do alumnado) son: Administración e Xestión, Comercio e Márketing e Informática e Comunicacóns.

A programación de cursos do ano 2012 primou as familias de Servizos Socioculturais e á Comunidade e a Sanidade con respecto ao peso formativo destas no ano 2011. Pola contra, Administración e Xestión e Informática e Comunicacóns perden presenza, en consonancia cos resultados logrados nos últimos anos.

- **A familia de Comercio e Márketing acada unha inserción neta superior á media de Galicia.** As actividades de comercio vense reducidas nos últimos anos dada a actual conxuntura económica (inserción bruta do 31%); no entanto, case un de cada catro alumnos inseridos fano nun traballo relacionado co obxecto do curso (inserción neta do 23%).
- A familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade é a que presenta mellores resultados, xa que está a inserir case a metade do seu alumnado cun perfil tipo de muller de 25 a 45 anos con formación profesional. Non obstante, do 35% que atopa traballo relacionado, o perfil máis recorrente segue a ser o de muller de 26 a 45 anos, pero concéntrase en persoas con **titulación de ensino obrigatorio**.

Dentro da familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade, a área de dependencia é a que mellores resultados reflicte. Os novos certificados de profesionalidade de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e de “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio” permiten profesionalizar un colectivo moi demandado no noso mercado de traballo. Para a realización destes certificados requírese, en xeral, o nivel de titulación de ensino obrigatorio.

- As áreas en que os cursos de formación para o emprego rexistran mellores resultados son: **dependencia e coidados xeriátricos, restauración, formación ocupacional e a industria do automóbil**.
- A inserción da familia no seu conxunto pode ser orientativa, pero a inserción por especialidades é a que indica o éxito laboral das distintas accións formativas.



A programación anual faise atendendo a necesidades concretas por especialidades. Así mesmo, a realización dos novos certificados de profesionalidade supón un valor engadido que facilita en moitos casos a consecución dun traballo.

9.3. Análise do alumnado inserido

- Dos 4.053 alumnos que atopan un traballo, case o 56% son mulleres. Emporiso, se partimos do total de alumnos que atopan traballo relacionado co curso, o colectivo feminino pasaría a representar o 69%. Esta circunstancia explícase polo feito de que as mulleres se forman, en maior medida que os homes, en catro das cinco familias que obteñen mellor inserción neta.
- As alumnas acadan unha maior porcentaxe de inserción bruta que os homes nos niveis académicos de maior cualificación, niveis en que partimos dunha maior presenza de alumnado feminino. O dato salientable é que **na inserción neta as mulleres superan os homes en todos os niveis formativos, mesmo naqueles en que hai máis homes formados e maior inserción bruta** (niveis de ata certificado de escolaridade e titulación de ensino obrigatorio).

Esta circunstancia viría explicada polo feito de que as mulleres con menor formación realizan, en maior medida que os homes, cursos relacionados coa área de dependencia. Estes cursos son os que obteñen mellores resultados relativos, circunstancia que fai que as mulleres aparezan con mellores resultados de inserción neta, mesmo nos niveis formativos de menor cualificación, onde hai maior número de alumnado masculino.

Os certificados de profesionalidade da área de dependencia requiren unha titulación de partida de ensino obrigatorio; no entanto, a acreditación de experiencia profesional permite obter o antedito certificado independentemente do nivel académico de partida. Así mesmo, a superación das probas de competencias clave de nivel 2 daría acceso á realización destes cursos, aínda que o nivel académico fose inferior.

- Mentres que o intervalo de 26 a 45 anos diminúe a súa inserción neta con respecto á bruta, os outros grupos de idade melloran os seus resultados relativos, especialmente os maiores de 45 anos.

A formación para o emprego serve en maior medida para atopar un traballo relacionado aos intervalos de idade extremos, xa que, na maioría dos casos, son estes os que presentan maiores carencias formativas. De feito, os máis novos non tiveron tempo de rematar os estudos porque continúan con eles ou ben porque se incorporaron axiña ao mercado laboral. Por outra banda, os maiores de 45 anos que teñen estudos superiores adoitan ter unha situación laboral estable, e son os de baixa cualificación os que engrosan en gran medida o número de parados de longa duración.

- **Os alumnos que contan con ata certificado de escolaridade son os únicos que melloran a súa inserción neta en todos os tramos de idade con respecto aos resultados de inserción bruta.** Este colectivo sen formación atopa na realización de certificados de profesionalidade de nivel 1, ou ben na realización de competencias clave que lle permita acceder a certificados de niveis superiores, unha posibilidade de obter unha formación que lle facilita a súa inserción ou reinserción laboral.



A formación para o emprego cobre as necesidades formativas de persoas que por idade ou nivel académico teñen dificultades para se incorporaren ao mercado de traballo. Así mesmo, pódelles servir como reciclaxe profesional a persoas con titulación profesional que se atopan en situación de desemprego, outorgándolles un valor engadido nos seus currículos e valendo, nalgúns casos, para reorientar unha carreira profesional.

9.4. Análise dos contratos realizados

- O 81% dos contratos prodúcense no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por enriba dos homes, cun 64% de contratación. Se atendemos aos resultados de inserción neta, os resultados son aínda máis extremos, xa que as mulleres concentran un 69% da contratación.
- A contratación realízase en distintas actividades económicas, aínda que convén incidir no importante peso de actividades sanitarias e servizos sociais, en consonancia cos bos resultados de inserción manexada nos cursos relacionados coa dependencia.
- As mulleres concentran a súa contratación, o 78%, no gran grupo ocupacional de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, onde aparecen integrados os servizos de dependencia.
- Os homes presentan unha contratación moi superior con respecto ás mulleres nos seguintes grupos: “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” e “Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores”.
- No ano 2012 apréciase un importante avance da contratación temporal a tempo parcial, na que destacan especialmente as mulleres.

galicia



XUNTA
DE GALICIA